

# CULTURA

## ARTE

### La pintura vigorosa de Patiño, en Vigo

Antonio García Patiño, un pintor surrealista neocubista, según la crítica, expone su última y más vigorosa obra en la ciudad de Vigo.

## LIBROS



### Os minimalismos cotiáns de Xelis de Toro

«Non hai misericordia» é a obra con que o autor Xelis de Toro conseguiu o primeiro premio de narrativa Cidade de Lugo.

## MÚSICA

### El órgano de Xunqueira de Ambía, en un compacto

## TEATRO

### «A casa dos afogados», nuevo estreno del Centro Dramático Galego

**O** galego Agustín Fernández Paz acaba de conseguir—lo «Premio Lazarillo 1990 de Literatura infantil», sendo a primeira vez que un autor en lingua galega conquista tan prestixioso galardón, creado en 1958 polo Instituto Nacional do Libro Español. O autor, mestre de profesión e vocación, licenciado en Ciencias da Educación, nado en Vilalba en 1947, vive e trabala en Mugardos.

Anque tardou en asumilo premio, declara o seu contento e pensa que é un recoñecemento dunha labor, ademais de significar moito para a nosa literatura, como un logro colectivo. O premiado non é un descoñecido neste campo, pois o pasado ano acadou o «Premio Merlín».

Autor de varios libros de ensaio e de texto, individual ou colectivamente, (pertence a «Avantar», «Nova Escola Galega», etc) conxeriu do Ministerio de Educación o «Premio Emilia Pardo Bazán», xunto con outras e outros mestres. Na literatura de ficción ten publicados «O libro de Merlín» (1987), «A cidade dos desexos» (1989) e «As flores radiactivas» (1990), último «Premio Merlín».

Sobre o libro manifestou que espera que o premio «sirva para que os editores de fora presten un pouco máis de atención ó que facemos aquí, que comencemos a ter unha maior difusión en todo o estado español. Estes premios axudan -ou deberían-, para eso, pero tamén para lograr unha maior valoración dentro de Galicia da nosa literatura, para vencer un certo

complejo de inferioridade que aanda

# FERNÁNDEZ PAZ, UN «MESTRE» NA LITERATURA INFANTIL

MANUEL PÉREZ GRUEIRO

pode albergar algún sector da nosa xente, fronte ó de fora. So compre agora que pase coa nosa literatura infantil galega o que ocorre coa catalana, que está baixo a atenta mirada dos editores externos á comunidade, e rápidamente saen nas outras linguas do estado».

—¿Podemos dicir entón que a literatura infantil galega está en alza?

—Sí, eu vexo que está en alza. Constató que dende fai uns cinco anos estase a escribir bastante máis, e no conxunto hai moitos textos de calidade. Creo que a nosa literatura está subindo. As expectativas apuntan a unha mellora, anque precisámos máis. Estanse a crear novas coleccións, hai apetencias de lectura e fan falta máis

orixinais, co que os nosos escritores teñen oportunidades. Se lle engadimos as excelentes traducións, temos un mercado moito máis amplo, que non pode ser cuberto, como ocurría fai pouco tempo, por os rapaces e rapazas ávidos de lectura.

—Pero, de feito, aínda notamos unha notable diferenza na difusión da lectura, que amosa índices baixos en xeral, pero máis cativos en lingua galega.

—É certo. A pesares dos esforzos apreciables de diversos colectivos (mestres, bibliotecarios, animadores) a favor da lectura, hai cifras moi baixas. Pero en galego aínda máis, polo que precisamos un esforzo especial para fomentar a animación á lectura en lingua galega, que parte con importantes «handicaps» históricos e sociais. Ultimamente hai xa avances neste, que espero den froitos. De feito, foi ese o motivo que me levou a escribi-lo libro «Ler en galego». Teño certas esperanzas en que o que teóricamente aparece no texto da reforma educativa, poida concentrarse en feitos.

—Todo isto require de esforzos mancomunados de tódolos sectores implicados. ¿Cree que está a ser así?

—Lamentablemente aínda non, anque atíñanse algúns elementos positivos. Neste requirense medios, canles de expresión, que teñen que ser aportados pola Administración, e a colaboración dos estamentos (escritores, editores, libbreiros, bibliotecarios, mestres, pais), que impliquen feitos reais. A prensa, por exemplo, neste non está a xogar o papel que

lle corresponde. Non existen seccións permanentes nos xornais ou noutros medios, onde se reseñe periódicamente toda a información sobre a literatura infantil galega, que, como sabemos, é un motor de primeira para o mundo editorial no noso país.

—¿Cais son as carencias que aínda ten que superar a literatura infantil galega?

—Primeiro podemos dicir que faltan libros para os máis pequenos. Está claro que é moi caro editar en cuatricomía, pero este é un reto que as editoras galegas non poden esquivar por máis tempo. Hai que crear coleccións propias, galegas, pensadas dende aquí para os nosos nenos. Temos excelentes ilustradores, que están infrautilizados, pero que si lles damos a oportunidade, poden demostrar que son capaces de facelo moi ben a toda cor. Non só Miguelanxo Prado, que xa é un debuxante internacional, senon outros como López Domínguez (incluído no catálogo de Bolonia), Fran Jaraba, Ullia, Maife Quesada, Marín e moitos máis. Tamén faría falta crear o cómic galego e escomezaren coas traducións de cómics a nosa lingua. Asimesmo, creo necesaria unha revista institucional, ou apoiada con cartos dende a Administración, como teñen os vascos, que difunda o cómic, informe e permita ós nosos debuxantes expresarse. Finalmente, no campo audiovisual aínda está case todo por facer. Non temos (anque anda por ahí algún proxecto) libros acompañados por cassetes e outros elementos.

—¿Cómo pode un mestre atopar tempo para investigar, para a faceta de escritor?

—Tes que roubar horas ó sono, ou sacrificar tempo das vacacións, o que significa sacrificios non só para ti, senon para a familia. As veces angústiamen non ter máis tempo. Non tanto para a literatura de ficción, senon sobre todo para os escritos teóricos nos que estou a investigar ou a sintetizar experiencias, nas que a esta altura da vida, eu son capaz de aportar algo.

—¿Qué ten agora entre mans?

—O máis inmediato é un libro de ensaio que ten que ver coa utilización didáctica dos cómics nas aulas. Teño que acabar a segunda parte de «Ler en galego». En canto á ficción, teño ideas na cabeza, dando voltas. Unha delas é unha novela xuvenil, de corte realista, pero isto é a máis longo prazo. Quizais empece a escribir no vindeiro verán.

—¿E qué me di do libro premiado co «Lazarillo 1990»?

—O libro premiado, «Contos por palabras», contén oito relatos baseados nos anuncios por palabras que aparecen na prensa diaria. Eran máis, pero seleccionei estes, partindo duns sesenta anuncios. Os contos varían na forma de contar a historia, no enfoque (realista ou fantástico), todo con un fio de humor soterrado. Está é tamén un exemplo de utilización da prensa na escola, que pode ser feito cos rapaces.

